



A REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA,
UN NOVO MODELO PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO

XUNTA DE GALICIA

UN NOVO MODELO PARA A PROMOCIÓN LINGÜÍSTICA

A Rede de Dinamización Lingüística é un **punto de encontro** para o traballo conxunto entre as administracións autonómica e local a prol do fomento do uso do galego.

A súa creación responde á necesidade, constatada por todas as institucións, entidades e asociacións implicadas na normalización lingüística do galego, de establecer unha **nova dinámica de traballo** para promover a dinamización lingüística.

PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN, ESTRATEGIAS CLAVE

A Rede inaugura un novo **modelo de actuación** en materia de dinamización lingüística desde o ámbito local **baseado na planificación e na coordinación**.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística promoveu este proxecto, o primeiro desta natureza que se crea en Galicia, para favorecer a colaboración e a acción coordinada do Goberno galego e dos concellos, así como para **garantir un diálogo permanente** entre as dúas administracións, a autonómica e a local, con responsabilidade na normalización lingüística desde o ámbito municipal.

PRINCIPAIS OBXECTIVOS

De acordo con isto, os seus **principais obxectivos** son:

- ✓ Favorecer o traballo conxunto e planificado entre todas as entidades para procurar

incrementar o uso e o prestixio da lingua galega no conxunto da sociedade.

- ✓ Facilitar o intercambio de experiencias e a suma de esforzos, así como evitar duplicidade de tarefas semellantes.
- ✓ Compartir unha planificación lingüística que defina estratexias básicas comúns en todo o territorio de Galicia.
- ✓ Poñer a disposición de todos os membros da Rede os materiais e información básica relativa ás actividades de dinamización lingüística que se desenvolvan en cada unha das entidades integradas na Rede.
- ✓ Incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen á cidadanía.
- ✓ Implicar e asesorar os diferentes axentes dinamizadores para unha maior eficacia e eficiencia nas actuacións e para establecer un programa estable e continuado de formación.

- ✓ Promover a formación específica e reciclaxe dos axentes implicados na promoción do galego.
- ✓ Diseñar e poñer en práctica programas de avaliación que permitan mellorar a consecución de resultados.

ACCESO A PROGRAMAS E ACTIVIDADES

A adhesión á Rede de Dinamización Lingüística, que non ten custo ningún, dálles aos concellos acceso a **programas e actividades** de tipo social, educativo, cultural, lúdico etc, axustados á realidade de cada un dos municipios e destinados a promover o uso da lingua.

A Rede tamén se presenta como un espazo de **axuda e asesoramento** para desenvolver a dinamización da lingua no municipio, que ademais pode ser exportable ou servir de modelo a outros.

Ademais, a Rede facilítalles aos concellos o acceso a un **programa estable de formación en lingua galega para adultos**, por medio de cursos que garantan a capacitación en lingua galega de toda a poboación.

Para ofrecerlles un servizo compartido a todos os seus membros, a Xunta contará cunha **dotación económica nos orzamentos de 2012** que recolle unha liña de axudas ás entidades locais para a realización de actividades de promoción do idioma e para a contratación de persoal técnico. Tamén se prevé un programa propio de actividade da Secretaría Xeral de Política Lingüística para desenvolver en colaboración cos membros da Rede.

QUEN FORMAN PARTE DA REDE?

A Rede pretende congrega todas as institucións e entidades con competencia na promoción do uso do galego desde o ámbito local. Os membros adheridos no seu acto de constitución son un total de 93, entre os que se encontran:

- **88 concellos de toda Galicia, que suman arredor de 727.000 habitantes**

–Provincia da Coruña: Abegondo, Ames, Aranga, Arteixo, Arzúa, A Baña, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Carnota, Carral, Cee, Corcubión, Curtis, Dodro, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Lousame, Muros, Muxía, Oroso, Ortigueira, Outes, Padrón, Ponteceso, Ribeira, Rois, Santa Comba, Teo, Toques, Val do Dubra e Vedra.

–Provincia de Pontevedra: Baiona, Bueu, Cambados, Cotobade, A Cañiza, A Estrada, Forcarei, Lalín, A Lama, Marín, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Ponte Caldelas, O Rosal, Silleda, Soutomaior, Tui, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

–Provincia de Lugo: Barreiros, Carballedo, Cospeito, Guntín, Outeiro de Rei, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Taboada, O Vicedo, Vilalba e Xove.

–Provincia de Ourense: Avión, O Barco de Valdeorras, A Bola, Celanova, O Carballiño, Melón, Muíños, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Porqueira, San Cristovo de Cea, Sarreaus, Toén, A Veiga, Verín, Vilamarín e Xinzo de Limia.

- **3 mancomunidades**: Comarca de Fisterra, Arousa Norte e Terras de Celanova.
- **A Deputación Provincial de Ourense**
- **O Consello da Cultura Galega**

ESTRUTURA

Detrás da figura administrativa da Rede de Dinamización Lingüística atópase a **asociación voluntaria** de entidades con competencia na promoción do uso da lingua galega no ámbito local.

A súa estrutura configúrase a través de **dúas grandes áreas** nas que se agrupan os seus órganos:

- A política, da que forman parte o Consello de Membros, a Xunta Directiva, a Presidencia e a Vicepresidencia.
- A área técnica, encargada de elaborar propostas e de implementar as actuacións acordadas nos seus respectivos ámbitos de traballo, está constituída pola Coordinación Técnica e polo Ámbito Técnico.

Toda esta estrutura está configurada desde o punto de partida da colaboración entre as entidades pertencentes ás administracións autonómica e local, de aí o carácter bipartito na composición de todos os órganos colexiados e o seu **funcionamento paritario**. Estas dúas características son as que garanten o **carácter democrático** da súa estrutura e do seu funcionamento, e as que permiten a adopción de decisións conxuntas entre todos os seus membros.

OS PASOS ANDADOS...

... E O CAMIÑO QUE COMEZA

A Rede naceu en virtude da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o 21 de setembro de 2010, da Orde do 14 de setembro pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística.

Desde a súa creación, o responsable de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, realizou **visitas a numerosos concellos** para presentarlles de primeira man aos seus alcaldes os obxectivos e o funcionamento da Rede, así como para ofrecerlles a colaboración da Xunta no fomento social do galego a través deste proxecto.

Ao mesmo tempo, estas reunións serviron para realizar un achegamento directo á realidade ás necesidades específicas de cada municipio.

Para dar a coñecer a Rede, tamén se levaron a cabo **sesións informativas** en diferentes puntos de Galicia, ás que asistiron representantes políticos e técnicos de concellos de toda a comunidade.

Tras a súa constitución, o 28 de outubro de 2011, a Rede inicia un novo camiño co esforzo conxunto da Xunta e Galicia e das case 100 entidades adheridas para traballar co obxectivo compartido de **promover a extensión do uso do galego** e de **conseguir que a lingua propia de Galicia se perciba como un ben común** de toda a sociedade galega.

Fomentar unha cultura da cooperación, colaboración, coordinación e planificación na dinamización social da lingua galega: este é o camiño que quere percorrer a Rede de Dinamización Lingüística.

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Outubro de 2011

